

 **COSTA DO MARFIL**

**Tipo de adopción:** Plena

A decisión xudicial obtense en 2 tempos: unha decisión de garda provisional con fins de adopción; transcorridos 6 meses de garda preadoptiva presentarase unha demanda de adopción plena ante o Tribunal de Primeira Instancia de Abidjan. O adoptado perde a súa nacionalidade de orixe.

**Requisitos:**

- Estado civil: casado/a, solteiro/a, divorciado/a, parella de feito, viúvo/a
- Idade (Solteiro e parella):  $\geq 30$
- Anos de convivencia:  $\geq 5$
- Monoparentais: Home, Muller

Matrimonios: esíxense máis de 5 anos de matrimonio e que polo menos un dos cónxuxes non sexa menor de 30.

Non se permite a adopción por matrimonios homosexuais.

Teñen preferencia os candidatos sen fillos ou estériles, despois, os matrimonios con fillos, a continuación, as mulleres soas e, por último, os homes sós.

O tribunal, si estivera xustificado, poderá permitir a adopción cando a duración do matrimonio, a idade mínima das persoas que se ofrecen para a adopción ou a diferenza co adoptado sexa inferior ás establecidas anteriormente.

**Características dos nenos:**

- Neno/a/s menores de 18 anos, tutelado/a/s polo estado, declarado/a/s abandonado/a/s por un xulgado ou que os pais ou o consello de familia consentiran a adopción.
- A diferenza de idade entre adoptante e adoptado deberá ser, polo menos, de 15 anos.
- O/a neno/a consinte a súa adopción por escrito se ten 14 anos.
- O perfil maioritario en adopción internacional é o de nenos/as con necesidades especiais específicas: maiores de 5 anos, nenos con algunha enfermidade (discapacidade física, infección por VIH, enfermidade de células falciformes, anemia, etc)

**Forma de tramitación:**

Poderá tramitar a súa adopción:

- A través do Organizacións Acreditadas para Adopción Internacional(OAAI).

IPI

Gran Vía de las Cortes Catalanas, 646, 1º, 2ª

Barcelona (8007)

Teléfono: 934120102

<http://ipi-ecai.org>

[info@ipi-ecai.org](mailto:info@ipi-ecai.org)

### **Documentación necesaria:**

- Solicitude manuscrita dirixida ao Ministerio da Muller, da Familia e da Infancia.
- Carta motivada de solicitude de adopción, asinada pola persoa que se ofrece para a adopción ante notario.
- Certificado de nacemento das persoas que se ofrecen para a adopción e dos fillos, se é o caso..
- Fotocopia do D.N.I.
- Fotocopia do pasaporte.
- Certificado de matrimonio, sentenza de divorcio ou certificado de defunción, se é o caso.
- Certificado médico.
- Certificado de esterilidade, se é o caso.
- Certificado de penais.
- Certificado negativo de delitos sexuais.
- Certificación de traballo e ingresos (nóminas dos 2 últimos meses e Declaración da Renda).
- Certificado de idoneidade.
- Informes psicosociais.
- Compromiso de seguimento.
- 2 fotos tipo carnet e 4 ou 5 coa familia, amigos, etc
- Poder de representación.
- (Débense presentar 3 copias do expediente).
- Todos os documentos deben estar traducidos ao francés, legalizados e autenticados. As copias deben estar compulsadas. 3 exemplares.
- **A maiores, deberá aportarse a documentación esixida en Galicia.**

### **Organismo público competente:**

Central Adoption Authority in Côte d'Ivoire (ACACI). Ministry for Women, Family and Children.

### **Embaixada en España:**

Embajada de Costa de Marfil en España

Serrano, 154 - 28006 Madrid

Teléfono: 915626916 Fax: 915622193

### **Estancia esixida no país:**

- A estancia mínima aproximada no país é de 2 semanas.

### **Informes de seguimento:**

- 1 informe semestral desde a adopción. Posteriormente, 1 anual ata a maioría de idade.

### **Lexislación:**

- Convenio relativo á protección do neno e á cooperación en materia de adopción internacional, feito na Haia o 29 de maio de 1993.

- Lei nº 2019-987, de 27 de novembro de 2019, que regula a adopción.
- Decreto nº 2020-907, de 18 de novembro de 2020, que crea a autoridade central para as adopcións en Costa de Marfil (ACACI).

**Data de actualización:**

A información do país foi actualizada o 17/01/2023.